



**EINSA PRINT, SA (EINSA AS PONTES)**

P.E. PENAPURREIRA, S/N  
15328 PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS  
(CORUÑA, A)

**ASUNTO: RENOVACIÓN DA ADHESIÓN Ó SISTEMA DE XESTIÓN E AUDITORÍA MEDIOAMBIENTAL**

EINSA PRINT, SA (EINSA AS PONTES) inscrita no sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental, co n.º ES-GA-000010 con data 09.05.2003, presenta a nova declaración medioambiental validada por AENOR INTERNACIONAL, S.A. (Unipersonal) dentro do prazo previsto. A dita declaración medioambiental foi validada segundo o Regulamento (CE) n.º 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello de data 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais EMAS modificado segundo os Regulamentos (UE) 2017/1505 e (UE) 2018/2026.

Trala verificación da non existencia de non conformidades coa lexislación vixente, esta Dirección Xeral considera renovada a adhesión ao sistema de xestión e auditoría medioambiental, procedendo á actualización do rexistro.

A devandita renovación levouse a cabo segundo o indicado no Regulamento (CE) n.º 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de data 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais EMAS, e no Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental.

Este documento ten validez ata o 20.04.2022, data límite para a presentación, por parte da entidade, da seguinte declaración ambiental validada, agás a súa anulación ou suspensión temporal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
Manuel Díaz Cano  
Xefe de Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos  
(asinado electrónicamente)

